

Estimado socio/a:

Despois dun longo tempo de pesadume, derivado da COVID-19 esperando e desexando que as repercusións sanitarias desta pandemia non te afectasen nin ao resto da familia e, en todo caso que non fosen importantes, pasamos a informarche das actividades da Asociación.

Evidentemente, suspendéronse todas as actividades presenciais; non obstante, houbo unha actividade que viñamos levando a cabo polas tardes na sede social do Carballo, que era a relacionada cos **maiores** (Unidade de Voluntariado para atención a persoas maiores) e tamén a (A Unidade de atención a persoas con **discapacidade**), e que con tan bos resultados ata o momento. En atención a eles, pretendemos darlle continuidade no seu fogar, a través de medios dixitais (táblets) o que veu a paliar en parte, as repercusións que a suspensión da actividade presencial tivo nas persoas indicadas, sobre todo no illamento e a soidade.

Pois ben, una vez chegados ata aquí e tendo en conta a evolución favorable da pandemia, sobre todo derivada das vacinacións, pensamos que xa se pode ir dando "pequenos pasos" en aras da normalidade, **sempre tendo en conta as medidas sanitarias en cada momento**. Así, informámosche das actividades programadas para os vindeiros tempos:

A- IV MOSTRA DE OFICIOS, TRADICIÓNS E XOGOS POPULARES

Levarase a cabo os días 4 e 5 de setembro no monte da igrexa. Haberá:

- **Mostra de oficios tradicionais:** cesteiros, alfareitos, zoqueiros, telleiros, ferreiros, etc.
- **Tradicións e costumes:** escea do **lavadoiro**, exhibición de **bois** (1.400 kgrs. aprox. de peso cada un) e **carro do país**, con escena de ir ao **toxo**, **cantos de taberna**, **malla**,
- **Xogos populares:** chave, bilarda, aros, etc.
- **Exposición** de material antigo, apeiros de labranza, motos antigas,
- **Obradoiros:** O sábado pola tarde, os nenos/as e xoves poderán participar en distintos obradoiros: alfarería, cestería, larpeirada tradicional, etc.
- **Música:** Contando cos grupos (M-80 , sábado e VILAMARIACHI , domingo).
- **Noite meiga** con andaina e queimada (o sábado).

Polo tanto animámoste a que veñas disfrutar desta actividade.

B-COMEZO DAS ACTIVIDADES:

Considerando sempre **as restriccións que poida haber pola pandemia**, a mediados de **outubro**, temos previsto comezar coas actividades presenciais:

- a-Excursión de outubro:** do 11 ao 18. (coincidindo co inicio da temporada do IMSERSO).
- b-Unidade de atención a maiores e discapacitados** (a partir do 18/outubro).
- c-Resto de actividades:** grupos, cursos, charlas, etc. (a partir do 18/outubro).
- C-Cea de confraternidade:** Sábado, 4/decembro.

Polo tanto, o que pretendemos é tentar recuperar un pouco o ánimo e ilusión que nos proporcionaban as diferentes actividades e desexando que sigas participando nas mesmas

